

MANIFESTO DO 25 DE NOVEMBRO

O 17 de decembro de 1999 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas declarou o 25 de novembro como **Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres**, convidando a gobernos, organizacións internacionais e organizacións non gobernamentais a desenvolver actividades dirixidas a sensibilizar á poboación respecto da situación de violencia na que viven a maioría das mulleres.

É por este motivo que hoxe, 25 de Novembro de 2015, a **corporación municipal do Concello de Santiago de Compostela estamos aquí para reivindicar e manifestar o noso firme compromiso fronte calquera tipo de violencia contra as mulleres.**

As violencias machistas son a expresión máis extrema das desigualdades de xénero que viven as mulleres e supoñen unha violación dos seus Dereitos Humanos. Un tipo de violencia que sofren as mulleres polo feito mesmo de selo, unha desigualdade durante moito tempo silenciada, ocultada e, por desgraza, normalizada. Grazas ao **constante e incansable traballo dos movementos feministas e de mulleres**, nas últimas décadas a violencia contra as mulleres ten deixado de ser un asunto invisible e os poderes públicos teñen lexislado e posto en marcha políticas públicas específicas para abordar esta cuestión. Así, no Estado Español e en Galicia, a *Ley Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero* e a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero*, supuxeron un avance considerable para a abordaxe política desta grave problemática.

Porén, lamentablemente, a día de hoxe, a violencia contra as mulleres continúa sendo un dos problemas máis graves que debe confrontar a nosa sociedade. Segundo o rexistro oficial do Estado, no que vai de ano 6 mulleres foron asasinadas en Galicia polas súas parellas ou exparellas e outras 42 mulleres no resto do Estado. Ademais, se temos en conta os datos proporcionados polas organizacións feministas e de mulleres, este reconto das vítimas mortais a causa de violencia machista aínda se incrementa considerablemente. Pero os asasinatos son só a punta do iceberg, pois **a violencia contra as mulleres ten múltiples manifestacións**, como poden ser a violencia psicolóxica, a violencia económica, a violencia sexual, a privación de liberdade, etc. Non debemos esquecer que, tal e como se ten demostrado, a causa estrutural de todas estas violencias está directamente vinculada coa hexemonía, aínda vixente, nas nosa sociedade dunha cultura patriarcal, a través da que se reproducen os roles de xénero, os

comportamentos discriminatorios e machistas e un sen fin de desigualdades sociais para as mulleres. Por iso, a súa erradicación esixe a posta en andamento de políticas transformadoras desta cultura patriarcal. Ademais, de mellorar e incrementar as medidas específicas de protección e atención ás mulleres que se confrontan a situacións de violencia machista, son precisas actuacións de carácter transversal que promovan unha sociedade plenamente igualitaria. Tal e como teñen manifestado de forma reiterada os movementos de mulleres e feministas, toda a sociedade debe tomar conciencia de que machismo mata e fai imposible a convivencia pacífica propia dunha democracia.

Desde o Concello de Santiago de Compostela consideramos que é preciso unha resposta unánime e firme de todos os poderes públicos e da cidadanía no seu conxunto, que poña de manifesto o rexeitamento social de todas as formas de violencia contra as mulleres. A administración local, por sermos a institución máis próxima á cidadanía, temos a responsabilidade de ser unha referencia na abordaxe desta problemática, pero tamén de instar ao resto de administracións públicas para que avancen na implementación de medidas eficaces que conduzan á eliminación real da violencia contra as mulleres. Entre todas e todos temos que parar este Femicidio. **Querémonos vivas e libres de violencias machistas! Contra a violencia, Compostela en Negro!**